

Sobre o Servizo de Normalización Lingüística



Salvador Pérez Froiz

Xefe do Servizo de Normalización Lingüística

A Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, no punto 1.1 do artigo 1, atribúelle á CRTVG a misión de servizo público. Este carácter de servizo público consiste -e dise xa primeiramente- na promoción, difusión e impulso da lingua galega. Créase, xa que logo, para contribuír á normalización lingüística. Ademais, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística recolle no seu artigo 18 que o galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión sometidas a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma de Galicia, como é o caso da CRTVG e as súas sociedades anónimas. Partindo deste marco legal, o recentemente creado Servizo de Normalización Lingüística vai centrar os seus esforzos en acadar o obxectivo de atender, no tocante á lingua, as necesidades dos traballadores da CRTVG e as súas sociedades.

A principal función do Servizo de Normalización Lingüística (en diante, SNL) radica no establecemento dun modelo de lingua oral público, identificador, culto, que dignifique a lingua e respectuoso coa realidade viva da fala. Un modelo flexible que, ao tempo que estableza cales son as marxes de aceptabilidade, inclúa a diversidade de variedades, estilos e rexistros acomodados ás esixencias de cada espazo e cada ámbito das emisións, propias de todo sistema lingüístico vivo. Este modelo de lingua debe quedar explícito tanto para o persoal da CRTVG e as súas sociedades, TVG e RTG, coma para as empresas colaboradoras e a sociedade en xeral mediante os manuais e traballos de divulgación precisos. O SNL tamén ten responsabilidades sobre o estatus da lingua. O obxectivo normalizador é que o galego sexa a lingua de uso habitual entre os traballadores e traballadoras da CRTVG e as súas sociedades.

A transversalidade é unha das características principais do SNL, cuxas competencias atinxen a todas as áreas de traballo e á totalidade da programación nas súas diferentes modalidades: informativos, producións propias, producións asociadas, coproducións, producións alleas, etc. Abondando nisto, o SNL ten a obriga (obriga, xa que logo, bidireccional) de asesorar "na selección de voces e presentadores para os distintos programas de TVG, S.A., e RTG, S.A." (descrición da categoría de asesor lingüista no DOG nº 3, de 7 de xaneiro de 1992, páxina 84).

En toda contratación de persoal (oposición, por obra, artística, etc.) que se faga na CRTVG e as súas sociedades, RTG e TVG, a competencia lingüística ten que ser requisito inescusable. Se un profesional non domina perfectamente o código que manexa, será imposible a comunicación co espectador, por moito que subxectivamente alguén pense que dá ben en pantalla ou que ten unha voz melodiosa. Desde a súa creación, o SNL prepárase para acometer, entre outras, as seguintes accións:

1. Recoller todo o material que xa está elaborado (unha parte del xa se está a utilizar na Intranet) polos asesores lingüistas para poñelo a disposición dos traballadores da CRTVG e da sociedade por medio dunha páxina web de recursos lingüísticos.
2. Proseguir co desenvolvemento do Nomenclátor de Exónimos (topónimos de fóra do país, dado que os galegos xa os fixou a Comisión de Toponimia da Xunta), a fin de unificar criterios de uso.
3. Continuar elaborando unha base de datos léxica online con formas dubidosas.

Por último, o SNL asume como propios os obxectivos específicos e as medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004. Esas medidas son, entre outras:

1. Esixir nas novas contratacións un nivel lingüístico de calidade
2. Facer un seguimento da calidade lingüística, especialmente a oral
3. Incrementar os medios para a formación lingüística das traballadoras e traballadores
4. Acadar un modelo lingüístico que, mantendo os trazos patrimoniais do galego, proxecte unha imaxe da lingua acaída ás necesidades da vida moderna (PXNL, páxina 121 e seguintes).

Tamén vai traballar o SNL para que desapareza do citado PXNL o seguinte "punto débil" (sic.): "o modelo lingüístico que transmite (a TVG e a RTG) non sempre é da calidade que se lle debe esixir ao medio público por excelencia de Galicia".